

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL
PONTEVEDRA****Persoal, oposicións*****ADMISIÓN DE DON MANUEL GARCÍA ALVARELLOS COMO ASPIRANTE NO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO DE BOMBEIRO-CONDUTOR***

RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E PATRIMONIO POLA QUE SE ADMITE A DON MANUEL GARCÍA ALVARELLOS COMO ASPIRANTE NO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR DÚAS PRAZAS VACANTES DE BOMBEIRO-CONDUTOR NO CONCELLO DE PONTEVEDRA POLA QUENDA LIBRE INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2015

1.- No BOP núm.144, do venres 29 de xullo de 2016, publicáronse as bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir, entre outras, prazas vacantes de bombeiro-condutor no Concello de Pontevedra incluídas na OEP 2015 e, logo de finalizar o prazo de presentación de instancias de participación nos procesos selectivos convocados (do 20/08/2016 ao 08/09/2016, ambos inclusive), ditouse resolución do concelleiro de goberno responsable da Área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio pola que se facía pública a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos e a composición do tribunal do proceso selectivo convocado para cubrir dúas prazas vacantes de bombeiro-condutor no Concello de Pontevedra pola quenda libre, incluídas na Oferta Emprego Pública do ano 2015 publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 203 de data 24/10/2016.

Na lista provisional de admitidos e excluídos consta como excluído o aspirante don Manuel García Alvarellos pola causa 3 (Por non presentar certificado médico no que se acredite a súa aptitude psicofísica).

2.- Unha vez finalizado o prazo de emenda sinalado na antedita resolución (do 25/10/2016 ao 05/11/2016, ambos inclusive), o concelleiro de goberno responsable da Área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio ditou resolución de data 09/11/2016 pola que se aprobou a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e se fixou a data do primeiro exame do proceso selectivo convocado para cubrir dúas prazas vacantes de bombeiro-condutor no Concello de Pontevedra pola quenda libre, incluídas na Oferta Emprego Pública do ano 2015.

Na mesma resolución consta así mesmo como excluído definitivo o aspirante don Manuel García Alvarellos, pola mesma causa que a exclusión provisional arriba sinalado.



Porén, o día 04/11/2016, recibíuse no Rexistro Xeral Municipal un escrito presentado no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Oficina Comarcal de Lalin) por don Manuel García Alvarellos o día 04/11/2016, polo tanto dentro do prazo previsto para elo, no que o interesado achega unha solicitude de emenda, xunto a documentación xustificativa correspondente (o certificado médico esixido nas bases reguladoras do procedemento).

3.- En consecuencia, procede incorporar ao expediente a documentación de emenda achegada polo Sr. García Alvarellos e emitir unha resolución complementaria para declarar a don Manuel García Alvarellos, con DNI 44.089.115-R como aspirante admitido ao proceso selectivo convocado para cubrir dúas prazas vacantes de bombeiro-condutor no Concello de Pontevedra pola quenda libre, incluídas na Oferta Emprego Pública do ano 2015, que deberá publicarse coa maior brevidade posible e notificarse de forma expresa ao interesado, para os efectos da súa posible participación no proceso selectivo.

4.- Na mesma resolución do 09/11/2016 de aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, fixéronse as datas de constitución do tribunal cualificador e de realización do primeiro exercicio do proceso selectivo de bombeiro-condutor, nos termos que se reproducen a continuación:

(...) PRAZA: BOMBEIRO-CONDUTOR

QUENDA LIBRE (2 PRAZAS)

Constitución do Tribunal o día 22 de novembro de 2016, ás 9:00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, situada en Michelena-30, baixo.

O primeiro exercicio terá lugar o día 24 de novembro 2016, ás 13:00 horas, no 2º soto do edificio Michelena 30.

(...)"

En consecuencia co arriba exposto e de conformidade coas Bases reguladoras da convocatoria, esta Concellería de Goberno RESOLVE:

Primeiro.- Incluir a don MANUEL GARCÍA ALVARELLOS na lista definitiva de aspirantes admitidos no proceso selectivo convocado para cubrir dúas prazas vacantes de bombeiro-condutor do Concello de Pontevedra, ao acreditarse que emendou, en tempo e forma, a causa pola que se lle excluía do mesmo proceso selectivo, tal e como se pon de manifesto na parte expositiva desta resolución.

Segundo.- Notificar, para o seu coñecemento, a don MANUEL GARCÍA ALVARELLOS a data de celebración do primeiro exercicio do proceso selectivo convocado para cubrir dúas prazas vacantes de bombeiro-condutor conforme ao disposto na Resolución do concelleiro de goberno responsable da Área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio de data 09/11/2016:





Luns, 21 de novembro de 2016

Nº 223

PRAZA: BOMBEIRO-CONDUTOR

QUENDA LIBRE (2 PRAZAS)

Constitución do Tribunal o día 22 de novembro de 2016, ás 9:00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, situada en Michelena-30, baixo.

O primeiro exercicio terá lugar o día 24 de novembro 2016, ás 13:00 horas, no 2º soto do edificio Michelena 30.

Terceiro.- O aspirante deberá presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Cuarto.-A presente resolución publicarase no BOP e no Taboleiro de anuncios do Concello (situado no baixo do edificio Michelena 30), para xeral coñecemento aos efectos previstos nas bases da convocatoria e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra cuxa dirección é <http://sede.pontevedra.gal> (antigamente Páxina Web do Concello de Pontevedra www.pontevedra.eu).

Así mesmo, a presente resolución notifícaselle expresamente ao interesado, don Manuel García Alvarellos e ao secretario do Tribunal cualificador, para que teñan coñecemento da súa admisión como aspirante do proceso selectivo convocado para cubrir dúas prazas de bombeiro-condutor do Concello de Pontevedra.

Quinto.-Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra a catorce de novembro de dous mil dezaseis, ante o secretario xeral do Pleno por substitución disposta no artigo 46.3 do Regulamento orgánico do goberno e administración, que DA FE da precedente resolución."

Pontevedra, a 15 de novembro de 2016.—O Concelleiro de Goberno responsable da Área de Réxime Interior e Persoal, Vicente García Legísima.



